FICHA RESUMO PDA
ECONOMÍA 1º BACH

MATERIAL	Libro de texto: Economía 1bachillerato, Andrés Cabrera Bautista, editorial sm Aula de informática: unha sesión semanal	
TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS	1º TRIMESTRE	A previsión para o desenvolvemento da asignatura é: 1º trimestre: UDs 1 a 5
	2º TRIMESTRE	UDs 7 a 9
	3º TRIMESTRE	UDs 10 a 13
MÉTODOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	A cualificación de cada avaliación parcial calcularase como media aritmética das cualificacións de cada unidade didáctica determinada pola aplicación dos instrumentos de avaliación referidos. Dado que a nota de cada avaliación é numérica exacta, o redondeo será: -Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5. -Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5. Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicados os criterios anteriores. A cualificación da avaliación ordinaria calcularase como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais sen aplicar o redondeo. Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, o redondeo será: -Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5. -Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5.	
PROCEDEMENTO DE RECUPERACIÓN	O alumnado que non supere algunha avaliación será convocado, ao inicio da seguinte, a unha proba escrita que versará sobre os contidos específicos da avaliación non superada. Ademais, abriranse prazos para que poida entregar as tarefas pendentes, ou repetilas, no caso de ser	

	preciso. A cualificación será o resultado de aplicar os instrumentos de avaliación referidos. O alumnado que non superou as avaliacións parciais, terá que presentarse á proba final (proba escrita), que versará sobre os contidos específicos daquelas avaliacións que ten suspensas. A cualificación da avaliación ordinaria será calculada como media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais superadas, sen aplicar o redondeo, e a cualificación da proba final correspondente ás avaliacións non superadas. Dado que a cualificación da avaliación ordinaria é numérica exacta, aplicarase ao resultado final o redondeo detallado na programación. Entenderase superada a materia cando a cualficación da avaliación ordinaria sexa igual ou superior a 5. A partir do 5 de xuño darase prioridade á realización de actividades de apoio, de reforzo e de recuperación para o alumnado con materias sen superar e preparación das probas extraordinarias. O alumnado que non superou a materia na avaliación ordinaria será convocado a unha proba extraordinaria, que versará sobre a totalidade dos contidos expostos, e que se realizará no mes de xuño, nas datas determinadas pola dirección do centro segundo estableza a Orde pola que se aproba o calendario escolar para cada curso. A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado da proba escrita.